



Exp. 35/20

ID. 1677

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
SERVICIO TÉCNICO XURÍDICO
r/. Pasco, 18 5.º - 32003 OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a catro de xullo de dous mil un

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado *Xugo da Bola*, por solicitude dos veciños do lugar de Dadín, do Concello do Irixo (Ourense)

RESULTANDO que con data 13 de xullo de 1999, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Dadín, Concello do Irixo (Ourense), solicitando se declare o monte “*Xugo da Bola*” como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 22 de marzo de 2000, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores del a D Miguel Ángel González Trigás e Dª Miriam Arca, López, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade do Carballiño, e remitíndose

comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Dadín , ó presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó alcalde do Concello do Irixo, á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, e ó xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, e á Delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, : ó xefe do Servizo de Estructuras e Desenvolvemento Rural, publicándose edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello do Irixo , durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade do Carballiño , como segue:

Asento número 411, do Diario 33, Anotación letra A a favor do lugar de Dadín, facendo consta-la existencia do expediente de iniciación de clasificación da leira coma monte vecinal en man común e que a leira pode quedar afectada pola resolución final daquel que con data de 22 de marzo de 2000, se iniciou ó folio 131, do Libro 37 do Irixo, tomo 444, fñca 5817

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalcable, imprescritible e inembargable;
e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comunciros pedi-la *actio communi dividundo*.



Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Dadín , no Concello do Irixo

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de Dadín , están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar de Dadín, para que este xurado puidese acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro , así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992 .



Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte denominado *Xugo da Bola*, de 46 ha, aproximadamente de superficie a favor dos veciños do lugar de Dadín , parroquia de Dadín , no Concello do Irixo (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: O Irixo (Ourense)

Denominación: "Xugo da Bola"

Comunidade propietaria: lugar de Dadín

Superficie: 46 ha , aproximadamente.

Estremas.

Norte: D. Gisleng Otero Novoa, D. José Gil Condomiño, Dª Hermesinde Fernández Nogueira e monte do lugar de Laxas.

Sur: Dª Dolores González Gil, D. Manuel Fernández Fernández, Dª Dora Alicia Fernández Vázquez, D. Gisleng Otero Novoa, Dª Marisa Covela Pérez e D. Eladio Parada Taboada.





Leste: monte comunal do lugar de Laxas


Oeste: D. Gerardo Taboada García, D. José Manuel Conde Fernández, D^a Isaura Dejuane García, D^a Marisa Álvarez Conde, D. José Pérez Gallego, e D. Manuel Gil Daparte.

Este monte está atravesado por sendeiros que se conservan en uso tal e coma se reflicte no plano adxunto.

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó alcalde-presidente do Concello do Irixo, ós representantes da comunidade veciñal, ó xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.)





PLANO DE CLASIFICACIÓN DEL MONTE DENOMINADO "XUGO DA BOLA", PERTENECIENTE A LOS
VECINOS DE DADÍN, EN EL CONCELLO DE O IRIXO

Fecha: 25-11-2.001

Escala aproximada: 1:10.000

Realizado por: Luis Miguel
Segovia García




José Antonio García Rodríguez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **10 de decembro de 2012** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

V.- Sobre o Acto de conciliación e solicitude de exclusión de parcelas do MVMC de “Xugo da Bola”, pertencente aos veciños de Dadín, no concello de O Irixo, o asunto xa foi tratado na anterior sesión do 07.05.2012 (punto VII) e asisten a presente reunión os membros da Xunta rectora do monte: Sebastián Conde Cuiñas (Presidente), Olga López Fos (secretaria) e Isaura Dejuanez García (tesoreira), así como Nieves Pérez Fernández, como interesada en representación familiar de José Fernández González. Durante os últimos meses e previo requirimento do Xurado provincial, os interesados na exclusión de parcelas do monte veciñal presentaron para xustificar a súa pretensión, certificacións do concello de O Irixo da inclusión das respectivas parcelas, como de titularidade privada, no Padrón municipal de bens de natureza rústica. Os membros da Xunta rectora pola súa parte, manifestan que consideran tamén como de propiedade particular as citadas fincas, por tratarse dun erro material no intre da clasificación do monte. Se aporta un Acto de conciliación celebrado diante o Xulgado de Paz do concello de O Irixo no que se recoñece o uso privado das citadas parcelas. Dado que no acto de conciliación non figura o actual Presidente do monte veciñal (de nova elección e que manifesta estar de acordo co seu contido mais que non foi citado no seu día) o Xurado decide resolver favorablemente a solicitude, mais require previamente que a comunidade, reunida en asemblea, aprobe o contido do citado acto, presentando certificación do devandito acordo veciñal, asinada polos actuais presidente e secretario.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a doce de marzo de dous mil trece.





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **27 de febreiro de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XXII.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Xugo da Bola", pertencente aos veciños de Dadín, no concello de O Irixo.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 9 de decembro de 2022 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiras con particulares. O monte non linda con outros montes veciñais en man común.

De acordo co citado informe, o Xurado acordou a aprobación da revisión do esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 2 de maio de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 21 de marzo de 2023 relativa á revisión do esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Xugo da Bola, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Dadín, no concello do Irixo.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Xugo da Bola, pertencente á CMVMC de Dadín, no concello do Irixo, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 6 de setembro de 2022 a CMVMC de Dadín presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2207642) de revisión de esbozo do MVMC Xugo da Bola, no concello do Irixo.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo da Asemblea Xeral do 25 de marzo de 2022.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.
- Informe de validación gráfica catastral.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 9 de decembro de 2022 en relación coa citada solicitude. No mesmo indícase que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiras con particulares. O monte non linda con outros montes veciñais en man común.

A superficie do MVMC Xugo da Bola, unha vez revisado o esbozo, resulta de 40,1275 ha fronte ás 46 ha do acordo de clasificación, o que supón unha redución do 13 %. Tendo en



conta que hai unha expropiación de ADIF de 5,40 ha e unha avinza con particulares de 3.716 m², a diferenza de superficie entre a clasificación e a presente revisión de esbozo é inferior ao 1 %.

Tendo en conta o anterior, infórmase favorablemente revisión do esbozo do MVMC Xugo da Bola.

Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con esta, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que existen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 9 de decembro de 2022, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 27 de febreiro de 2023:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Xugo da Bola, pertencente á CMVMC de Dadín, no concello do Irixo.

Ourense, 2 de maio de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: vno9eh15-2559-ajx2-utp5-3i2xctoxidu1





 Poligonal da proposta aprobada

